

**1. Segundo o Regulamento do Parlamento de Galicia, cal destas NON é unha función da Mesa do Parlamento?**

- a) Acordar, pola súa propia iniciativa ou por petición dunha comisión interesada, que sobre unha cuestión que sexa competencia principal dunha comisión, esta informe previamente.
- b) Fixar cada ano a contía das percepcións dos deputados e as súas modalidades dentro das correspondentes consignacións orzamentarias.
- c) Regular a concesión de credenciais aos representantes dos distintos medios de comunicación social.
- d) Aprobar os gastos da Cámara, sen prexuízo das delegacións que poida acordar.

**2. Cal é o órgano autonómico responsable de elaborar e publicar a conta satélite de produción doméstica a que se refire o artigo 28 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia?**

- a) A consellaría competente en materia de igualdade.
- b) A secretaría xeral competente en materia de igualdade.
- c) O órgano competente en materia de economía e facenda.
- d) O órgano competente en materia de estatística.

**3. Verbo do réxime de incompatibilidades, que establece para o persoal funcionario o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia?**

- a) O persoal funcionario do Parlamento de Galicia poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño, por si ou mediante substitución, dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público, agás nos supostos expresamente previstos neste estatuto.
- b) O persoal funcionario do Parlamento de Galicia non poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño, por si ou mediante substitución, dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público, sen que caiban excepcións a esta norma.
- c) O persoal funcionario do Parlamento de Galicia poderá compatibilizar, coa correspondente mingua nas súas retribucións, as súas actividades co desempeño, por si ou mediante substitución, dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público.
- d) O persoal funcionario do Parlamento de Galicia non poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño, por si ou mediante substitución, dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público, agás nos supostos expresamente previstos neste estatuto.

**4. Segundo o artigo 93.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, cando ocorrer empate nalgunha votación, realizarase unha segunda e, de persistir aquel:**

a) Suspenderase a votación polo prazo máximo de dúas horas. Transcorrido o prazo, repetirase a votación e, se de novo se producir empate, o asunto será sometido á decisión do Pleno na seguinte sesión.

b) Suspenderase a votación durante o prazo que coide razoable a Presidencia. Transcorrido o prazo, repetirase a votación e, se de novo se producir empate, entenderase desbotado o ditame, artigo, emenda, voto particular ou proposición de que se trate.

c) Suspenderase a votación durante o prazo que coide razoable a Mesa do Parlamento. Transcorrido o prazo, repetirase a votación e, se de novo se producir empate, sendo idéntico o sentido no que votasen todos os membros pertencentes a un mesmo grupo parlamentario, poderá dirimirse ponderando o número de votos con que cada grupo conte no Pleno.

d) Suspenderase a votación durante o prazo que coide razoable a Mesa do Parlamento e, se de novo se producir empate, entenderase desbotado o ditame, artigo, emenda, voto particular ou proposición de que se trate.

**5. Segundo recolle o artigo 17 da Constitución española, unha lei regulará o procedemento do *habeas corpus* para:**

a) Producir a inmediata posta a disposición xudicial de toda persoa detida.

b) Producir a inmediata posta a disposición policial de toda persoa detida ilegalmente.

c) Producir a inmediata posta a disposición xudicial de toda persoa detida ilegalmente.

d) Producir a inmediata posta a disposición xudicial nun prazo máximo de 42 horas de toda persoa detida ilegalmente.

**6. Segundo o artigo 3.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, gozan da condición política de galegos:**

a) Os cidadáns da Unión Europea que, de acordo coas leis, teñan veciñanza administrativa en calquera das provincias galegas.

b) Os cidadáns españois residentes no estranxeiro que estean inscritos no Censo de residentes ausentes.

c) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais de Galicia, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.

d) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.

**7. Segundo o artigo 4.2 da Lei 8/1995, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, cal dos seguintes cargos NON suporía causa de inelixibilidade?**

a) Alcalde/alcaldesa.

- b) Concelleiro/a dunha corporación municipal.
- c) Presidente/a de Deputación.
- d) Deputado/a provincial.

**8. Indique, segundo o Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, onde se publicarán os actos administrativos que non teñan carácter singular e as disposicións administrativas:**

- a) No *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e, se é o caso, no *Diario Oficial de Galicia*.
- b) No *Diario Oficial de Galicia* e no boletín oficial da provincia correspondente.
- c) No *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*.
- d) No *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e, se é o caso, no *Boletín Oficial del Estado*.

**9. En que parte da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, se regulan as causas de incompatibilidade?**

- a) No capítulo II do título primeiro.
- b) No capítulo III do título primeiro.
- c) No capítulo IV do título primeiro.
- d) No capítulo V do título primeiro.

**10. Conforme establece o título II do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, o exercicio das competencias de xestión e apoio administrativo en materia de protección de datos de carácter persoal correspóndelle a:**

- a) O Servizo de Persoal e Réxime Interior.
- b) O Servizo de Asistencia Parlamentaria.
- c) Os Servizos Xurídicos.
- d) Intervención e Asuntos Económicos.

**11. Conforme establece o artigo 125 do Regulamento do Parlamento de Galicia, mentres non se acordar tomar en consideración unha proposición de lei, o proponente poderá decidir retirala; esta iniciativa terá plenos efectos por ela mesma. Tomada en consideración, a retirada só será efectiva se a aceptar:**

- a) A Mesa da Cámara.
- b) A Xunta de Galicia.
- c) A Xunta de Portavoces.
- d) O Pleno da Cámara.

**12. De conformidade co artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nas solicitudes de acceso á información, cal das seguintes afirmacións é CORRECTA?**

- a) Cando se trate de información en posesión de persoas xurídicas que exerzan potestades administrativas, a solicitude dirixirase á persoa xurídica.
- b) A ausencia de motivación non será por si soa causa de rexeitamento da solicitude.
- c) Cando se trate de información en posesión de persoas físicas que presten servizos públicos, a solicitude dirixirase á persoa física.
- d) A persoa solicitante está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información.

**13. Segundo o artigo 12 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, o decreto de convocatoria de eleccións:**

- a) Sinalará a data das eleccións, que se deberán celebrar entre o quincuaxésimo cuarto e o sesaxésimo día posterior á convocatoria, a duración da campaña electoral , así como a data constitutiva do Parlamento, que terá lugar dentro do prazo dun mes, contado desde o día seguinte á celebración das eleccións.
- b) Expedirase, en todo caso, o vixésimo quinto día anterior á expedición do mandato do Parlamento.
- c) Publicarase o mesmo día da súa expedición no *Diario Oficial de Galicia* e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.
- d) Ningunha é correcta.

**14. Segundo o artigo 6 do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de decembro de 2018, polo que se aproban as Normas básicas reguladoras da carreira profesional, en cal destas situacións administrativas NON se pode optar ao recoñecemento do grao de carreira profesional?**

- a) Servizos especiais.
- b) Servizo noutras administracións públicas.
- c) Excedencia por agrupación familiar.
- d) Excedencia por coidado de fillos/as e familiares.

**15. De acordo co Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, a quen corresponde a competencia da iniciación dos procedementos de contratación, a aprobación dos proxectos técnicos, se é o caso, e a adxudicación dos contratos cualificados como menores pola lexislación de contratos aplicable?**

- a) Á Oficialía Maior.
- b) Ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

c) Á Mesa.

d) Á Presidencia.

**16. Segundo o artigo 6 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, cal das seguintes causas NON resulta incompatible coa condición de deputado ou deputada do Parlamento de Galicia?**

a) Xerente dun ente público.

b) Membro do Consello de Administración da CRTVG.

c) Senadora ou senador elixidos en representación da Comunidade Autónoma.

d) Deputada ou deputado do Congreso.

**17. Segundo o artigo 31 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, cando a Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación exerza funcións relativas á reutilización da información será asistida por...:**

a) A persoa titular do centro directivo con competencias en materia de avaliación e reforma administrativa.

b) A persoa titular ou órgano administrativo que posúa a información.

c) A persoa titular do ente público con competencias en materia de tecnoloxías da información e comunicacións.

d) A persoa titular do centro directivo con competencias en materia de avaliación e reforma administrativa e tamén pola persoa titular do ente público con competencias en materia de tecnoloxías da información e comunicacións.

**18. De conformidade co artigo 10 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, na atribución de escanos en función dos resultados do escrutinio, cando na relación de cocientes coincidan dous correspondentes a distintas candidaturas, o escano atribuiráselle á que obtivese maior número total de votos e de haber dous candidatos con igual número de votos:**

a) Os empates resolveranse por sorteo, salvo que o empate se producise entre persoas de distinto xénero, en que operará a discriminación positiva a favor do xénero feminino.

b) O primeiro empate resolverase por sorteo e os sucesivos de maneira alternativa.

c) Os empates resolveranse atribuíndo o escano ao candidato de maior idade.

d) Os empates resolveranse sempre por sorteo.

**19. Que aborda o título II da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia?**

a) Os conceptos básicos do dereito á igualdade de mulleres e homes.

- b) A integración do principio de igualdade na interpretación das normas.
- c) A integración transversal do principio de igualdade nas actuacións da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público autonómico.
- d) A igualdade de mulleres e homes no emprego e nas relación laborais.

**20. Segundo o artigo 55 do Regulamento do Parlamento de Galicia, que funcións terá especialmente a Deputación Permanente?**

- a) Aprobará a delegación temporal das funcións executivas do presidente da Xunta de Galicia nun dos conselleiros.
- b) Exercerá o control da delegación lexislativa dos decretos.
- c) Entenderá en todo o que atinxe á inviolabilidade parlamentaria.
- d) Poderá tamén autorizar ampliacións ou transferencias de crédito, por razón de urxencia e de necesidade xustificada, sempre que así o acordar a maioría de dous terzos dos seus membros.

**21. Segundo o artigo 3 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a sesión constitutiva será presidida inicialmente:**

- a) Polo candidato elixido polo partido político que acadase maior número de votos nas eleccións.
- b) Polo deputado electo de maior idade dos presentes.
- c) Polo deputado electo de menor idade dos presentes.
- d) Polo deputado electo con máis anos de servizo como deputado no Parlamento en lexislaturas anteriores.

**22. Conforme establece a Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia, cal é o último verso da terceira estrofa do himno galego?**

- a) Non nos entenden, non.
- b) Non nos comprenden, non.
- c) Non os entenden, non.
- d) Non os atenden, non.

**23. De acordo co artigo 25 do Regulamento do Parlamento de Galicia, os deputados que aduqiran a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva do Parlamento de Galicia deberán incorporarse a un grupo parlamentario:**

- a) Dentro dos cinco días seguintes a esta adquisición.
- b) Dentro dos cinco días seguintes á aceptación desta incorporación por parte do portavoz do grupo parlamentario correspondente.

c) Dentro dos dez días seguintes a esta adquisición.

d) Dentro das corenta e oito horas seguintes á aceptación desta incorporación por parte do portavoz do grupo parlamentario correspondente.

**24. Sinale cal das seguintes afirmacións é CORRECTA: segundo o Regulamento do Parlamento de Galicia, que sucedería se non se obtivese a maioría necesaria na primeira votación nos seguintes supostos?**

a) Para ser elixido presidente da Xunta procederase a unha votación vinte e catro horas despois da anterior e resultará elixido se obtén o voto favorable da maioría simple. Caso de non se conseguir esta maioría, poderán tramitarse sucesivas propostas na forma prevista legalmente.

b) Se unha moción de censura fose rexeitada ao non acadar a maioría absoluta dos membros do Parlamento, no caso de se presentar máis dunha moción, someteranse a votación as restantes que se presentaron.

c) Se nunha cuestión de confianza esta non acada a maioría requirida na primeira votación, procederase a unha segunda votación vinte e catro horas despois da anterior, e a confianza entenderase outorgada cando obteña o voto da maioría simple dos deputados.

d) Ningunha é correcta.

**25. Segundo o disposto no artigo 84 do Regulamento de Parlamento de Galicia, en que suposto o voto das deputadas e deputados non é delegable?**

a) Embarazo.

b) Enfermidade grave.

c) Maternidade.

d) Paternidade.

**26. Conforme establece o artigo 27 do Regulamento do Parlamento de Galicia, os grupos parlamentarios levarán unha contabilidade específica da subvención asignada, que:**

a) Poñerán á disposición da Mesa do Parlamento de Galicia sempre que esta o pida. Esta información publicarase no Portal de transparencia do Parlamento de Galicia ao finalizar cada período de sesións.

b) Remitirán anualmente á Mesa do Parlamento de Galicia e publicarase no Portal de transparencia do Parlamento de Galicia.

c) Poñerán á disposición da Mesa do Parlamento de Galicia, sempre que esta o pida. Anualmente, esta información publicarase no Portal de transparencia do Parlamento de Galicia.

d) Remitirán anualmente á Mesa do Parlamento de Galicia. Esta información publicárase no Portal de transparencia do Parlamento de Galicia ao finalizar cada período de sesións.

**27. Nos supostos previstos no artigo 103 do Regulamento do Parlamento de Galicia, quen pode acordar a suspensión temporal na condición de deputado, por mor da disciplina parlamentaria?**

- a) A Presidencia do Parlamento.
- b) A Mesa do Parlamento.
- c) O Pleno do Parlamento.
- d) A suspensión temporal non se pode producir nunca.

**28. Segundo a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, indique cal das seguintes afirmacións é FALSA:**

- a) O Parlamento poderá delegar na Xunta a potestade de ditar normas con rango de lei, que recibirán o título de decretos lexislativos.
- b) A delegación lexislativa deberá outorgarse mediante unha lei de bases cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados ou por unha lei ordinaria cando se trate de refundir varios textos legais nun só.
- c) Non poderán ser obxecto de delegación a regulación do réxime electoral da Comunidade Autónoma, a aprobación do orzamento, as leis institucionais ou de desenvolvemento básico do Estatuto e as que, pola súa natureza, requiran maioría cualificada para a súa aprobación.
- d) A delegación lexislativa deberá outorgarse á Xunta en forma expresa para materia concreta e con fixación do prazo para o seu exercicio, sen que se poida entender concedida de forma implícita nin por tempo indeterminado, e excepcionalmente poderá permitir a subdelegación en prol de autoridades distintas da propia Xunta.

**29. De acordo co artigo 138 do Regulamento do Parlamento de Galicia, que maioría se require para a aprobación dunha moción de censura?**

- a) Maioría de tres quintos.
- b) Maioría simple.
- c) Maioría reforzada.
- d) Maioría absoluta.

**30. Consonte o artigo 43 do Regulamento do Parlamento de Galicia:**

- a) As comisións poden reunirse no período de vacacións parlamentarias, mais, neste lapso, para poderen actuar con capacidade lexislativa plena deberán contar coa aprobación da Mesa.

b) As comisións poden reunirse no período de vacacións parlamentarias, con capacidade lexislativa plena.

c) As comisións poden reunirse no período de vacacións parlamentarias, mais, neste lapso, non poderán actuar con capacidade lexislativa plena.

d) As comisións non poden reunirse no período de vacacións parlamentarias.

**31. Cal das seguintes situacións administrativas en que pode atoparse o persoal funcionario de carreira do Parlamento NON está prevista no artigo 43 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia?**

a) Servizos noutras administracións públicas.

b) Expectativa de destino.

c) Formación e perfeccionamento.

d) Ningunha das anteriores está prevista.

**32. Conforme establece o artigo 57 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá a adopción, por parte dos medios de comunicación privados, de acordos de autorregulación que contribúan ao cumprimento da lexislación en materia de igualdade entre mulleres e homes, incluídas as actividades de venda e publicidade que se desenvolvan neles. En particular, promoverá:**

a) A formación do persoal con competencias na xestión de medios para que adquiera as capacidades e habilidades para introducir a perspectiva de xénero.

b) A transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada.

c) A conservación dos saberes tradicionais das mulleres sobre os medios de comunicación a través do fomento do emprego neses ámbitos.

d) A participación das asociacións de mulleres na adopción de decisións no ámbito das políticas de comunicación.

**33. Respecto da cooficialidade lingüística:**

a) O castelán e o galego, segundo establece a Constitución e mais o Estatuto de autonomía, son linguas oficiais en Galicia e todos os galegos teñen o dereito e o deber de as coñecer e as usar.

b) O castelán e o galego, segundo establece a Constitución e mais o Estatuto de autonomía, son linguas oficiais en Galicia e todos os galegos teñen o deber de as coñecer e o dereito de as usar.

c) O castelán e o galego son linguas oficiais en Galicia, de acordo coa Constitución e o Estatuto de autonomía, e os galegos teñen o deber de coñecer o castelán e o dereito de usar calquera das dúas.

d) O castelán e o galego son linguas oficiais en Galicia, de acordo coa Constitución e o Estatuto de autonomía, e os galegos teñen o deber de coñecer o galego e o dereito de usar calquera das dúas.

**34. O capítulo II do título IV do Regulamento do Parlamento de Galicia denomínase:**

a) Da Mesa.

b) Das comisións.

c) Da Xunta de Portavoces.

d) Do Pleno.

**35. De acordo co artigo 32 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, en que formas de expresión oral e escrita erradicarán a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico de Galicia o uso sexista da linguaxe no plano institucional?**

a) En todas as formas, tanto fronte á cidadanía como nas comunicacións internas.

b) Nas expresións que se dirixan á cidadanía.

c) Nas comunicacións internas.

d) Nos textos xurídicos.

**36. Segundo dispón a Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia:**

a) A bandeira de Galicia terá unha lonxitude igual a tres medios do seu ancho e o ancho da banda será igual á terceira parte do ancho da bandeira.

b) A bandeira de Galicia terá unha lonxitude igual a dous medios do seu ancho e o ancho da banda será igual á cuarta parte do ancho da bandeira.

c) A bandeira de Galicia terá unha lonxitude igual a tres medios do seu ancho e o ancho da banda será igual á cuarta parte da lonxitude da bandeira.

d) A bandeira de Galicia terá unha lonxitude igual a tres medios do seu ancho e o ancho da banda será igual á cuarta parte do ancho da bandeira.

**37. Segundo o artigo 19 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, que datos constarán na relación de postos de traballo de cada posto de traballo?**

a) Denominación; situación na estrutura xerárquica; forma de provisión; grupo, corpo ou escala a que pertence, nivel e complemento específico; requisitos esixidos para o seu desempeño.

b) Denominación; situación na estrutura xerárquica; forma de provisión; grupo, corpo ou escala a que pertence; nivel e titulación específica; requisitos esixidos para o seu desempeño.

c) Denominación; situación na estrutura orgánica; forma de provisión; grupo, corpo ou escala a que pertence; nivel e complemento específico; requisitos esixidos para o seu desempeño.

d) Denominación; situación na estrutura orgánica; forma de provisión; grupo, corpo ou escala a que pertence; nivel e titulación específica; requisitos esixidos para o seu desempeño.

**38. Segundo o Regulamento do Parlamento de Galicia, cal das seguintes afirmacións é CORRECTA?**

a) A Comisión de Peticións estará formada pola Mesa do Parlamento e mais polos deputados que designen os grupos parlamentarios, de acordo co disposto no artigo 40 deste Regulamento.

b) A Comisión de Regulamento estará formada polo presidente da Cámara, que a presidirá, polos demais membros da Mesa do Parlamento de Galicia e mais un deputado de cada grupo parlamentario e adoptará as decisións polo sistema de voto ponderado.

c) A Comisión do Estatuto dos Deputados estará composta por un membro de cada un dos grupos parlamentarios. Terá un presidente, un vicepresidente e un secretario, e adoptará as súas resolucións mediante o voto ponderado de cada un dos seus membros.

d) Todas son correctas.

**39. Segundo establece o Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, a que unidade administrativa lle corresponde a programación, organización, xestión, control e impulso do control do tránsito do persoal, da atención e orientación do público e da recepción e acompañamento de visitas?**

a) Ao Gabinete da Presidencia, a través do Departamento de Relacións Cidadás.

b) Ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

c) Ao Servizo de Asistencia Parlamentaria.

d) Á Unidade de Servizos Xerais.

**40. Conforme establece o artigo 52 do Regulamento do Parlamento de Galicia, poderase crear de xeito automático unha única comisión de investigación por lexislatura sobre calquera asunto de interese público:**

a) De o solicitaren un terzo dos deputados e das deputadas da Cámara que pertencen a un mesmo grupo parlamentario.

b) Por proposta da Xunta.

- c) De o solicitaren a quinta parte dos deputados e das deputadas da Cámara.
- d) Por proposta de dous grupos parlamentarios.

**41. De acordo co artigo 13 do Estatuto de autonomía de Galicia, a quen lle corresponde a iniciativa lexislativa?**

- a) Só ao Parlamento e á Xunta.
- b) Ao Parlamento en exclusiva.
- c) Aos deputados, ao Parlamento e á Xunta.
- d) Á Xunta, a través dos proxectos de lei.

**42. Segundo o artigo 73 do Regulamento do Parlamento de Galicia, pode ser alterada a orde do día do Pleno?**

- a) Si, por acordo da Presidencia, por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros da Cámara.
- b) Si, por acordo do Pleno, por proposta do presidente ou por petición dun grupo parlamentario ou da terceira parte dos membros da Cámara.
- c) Si, por acordo do Pleno, por proposta do presidente ou por petición de todos os grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros da Cámara.
- d) Si, por acordo do Pleno, por proposta do presidente ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros da Cámara.

**43. Segundo o artigo 79 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a duración das intervencións nunha discusión sobre calquera asunto ou cuestión será fixada:**

- a) Pola Presidencia, escoitada a Xunta de Portavoces.
- b) Pola Mesa, de acordo coa Xunta de Portavoces.
- c) Pola Presidencia, escoitada a Xunta de Portavoces, agás precepto en contra do Regulamento.
- d) Pola Mesa, de acordo coa Xunta de Portavoces, agás precepto en contra do Regulamento.

**44. A Constitución española está formada por:**

- a) 180 artigos organizados en 10 títulos, 4 disposicións adicionais, 9 disposicións transitorias, 1 disposición derogatoria e 1 disposición derradeira.
- b) 169 artigos organizados en 9 títulos, 7 disposicións adicionais, 8 disposicións transitorias, 2 disposicións derogatorias e 1 disposición derradeira.
- c) 169 artigos organizados en 10 títulos, 4 disposicións adicionais, 9 disposicións transitorias, 1 disposición derogatoria e 1 disposición derradeira.

d) 169 artigos organizados en 10 títulos, 2 disposicións adicionais, 8 disposicións transitorias, 1 disposición derogatoria e 1 disposición derradeira.

**45. Segundo o artigo 26 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, cal das seguintes NON é unha atribución do presidente da Xunta de Galicia?**

a) Determinar a estrutura orgánica superior da Vicepresidencia ou Vicepresidencias e das consellarías da Xunta de Galicia.

b) Convocar, presidir, suspender e levantar as reunións do Consello e das Comisións Delegadas, así como dirixir as súas deliberacións.

c) Asegurar a coordinación entre as distintas consellarías.

d) Todas son atribucións do presidente da Xunta de Galicia.

**46. Segundo o artigo 70 do Regulamento do Parlamento de Galicia, sinala a resposta INCORRECTA respecto ás comisións de investigación:**

a) As sesións das comisións de investigación son a porta pechada, mais poderán asistir os representantes dos medios de comunicación social debidamente acreditados.

b) As sesións das comisións de investigación serán secretas cando o acorden por maioría absoluta dos seus membros, por iniciativa da súa respectiva Mesa, da Xunta, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos seus compoñentes.

c) Serán secretas as reunións das ponencias que se creen no seo da comisión.

d) Tamén serán secretos os datos, informes ou documentos facilitados a estas comisións para o cumprimento dos seus fins cando o dispoña unha lei ou cando motivadamente o acorde a propia comisión.

**47. Segundo o artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, cando os datos persoais sexan obtidos do afectado o responsable do tratamento poderá dar cumprimento ao deber de información establecido no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 facilitando ao afectado a información básica, que deberá conter, polo menos:**

a) A identidade do responsable do tratamento e do seu representante, de ser o caso.

b) A finalidade do tratamento.

c) A posibilidade de exercer os dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679.

d) Todas as respostas son correctas.

**48. Segundo o artigo 19 da Constitución española, os españois teñen dereito a entraren e saíren libremente de España nos termos que a lei estableza. Este dereito non poderá ser limitado por:**

- a) Motivos relixiosos ou ideolóxicos.
- b) Motivos políticos ou relixiosos.
- c) Motivos políticos ou ideolóxicos.
- d) Motivos de raza ou relixión.

**49. Segundo o artigo 105 do Regulamento do Parlamento de Galicia, quen poderá ser chamado á orde polas causas nel previstas?**

- a) Os deputados e as deputadas.
- b) As persoas asistentes á tribuna do público.
- c) As persoas oradoras e as persoas asistentes á tribuna do público.
- d) As deputadas e os deputados e as persoas oradoras.

**50. Conforme establece o artigo 56 do Estatuto de Autonomía para Galicia, a proposta de reforma do Estatuto requirirá, en todo caso:**

- a) A aprobación do Parlamento Galego por maioría absoluta, a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica e, finalmente, o referendo positivo dos electores.
- b) A aprobación do Parlamento Galego por maioría de dous terzos, a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica e, finalmente, a sanción por El-Rei.
- c) A aprobación do Parlamento Galego por maioría absoluta, a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica e, finalmente, a sanción por El-Rei.
- d) A aprobación do Parlamento Galego por maioría de dous terzos, a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica e, finalmente, o referendo positivo dos electores.

**51. Segundo o artigo 113 do Regulamento do Parlamento de Galicia, que tipo de emendas a un proxecto de lei requirirán a conformidade da Xunta de Galicia para a súa tramitación?**

- a) As emendas ao articulado de adición.
- b) As emendas que supoñan aumento dos créditos ou mingua dos ingresos orzamentarios.
- c) As emendas que supoñan unha modificación do número de títulos do proxecto.
- d) As emendas que supoñan unha modificación da estrutura da Xunta ou das súas consellarías.

**52. Segundo o artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que se lle garantirá á cidadanía no exercicio do seu dereito ao acceso á información pública?**

- a) A recepción da información pública na lingua oficial de Galicia en que a solicite.
- b) A recepción da información pública en formato electrónico ou en papel, segundo teña indicado a persoa solicitante.
- c) A realización de propostas e suxestións tanto sobre a información demandada como sobre os formatos, os programas ou as linguaxes informáticas empregadas.
- d) Todas as anteriores.

**53. Segundo o artigo 118 do Regulamento do Parlamento de Galicia, por quen debe estar asinado o ditame da comisión e a quen se lle debe remitir?**

- a) Debe estar asinado polo seu presidente e polo secretario, e remitiráselle ao presidente do Parlamento para efectos da tramitación subseguinte que proceder.
- b) Debe estar asinado polo seu secretario co visto e praxe do presidente, e remitiráselle ao presidente do Parlamento para efectos da tramitación subseguinte que proceder.
- c) Debe estar asinado polo seu presidente e polo secretario, e remitiráselle á Mesa do Parlamento para efectos da tramitación subseguinte que proceder.
- d) Debe estar asinado polo seu secretario co visto e praxe do presidente, e remitiráselle á Mesa do Parlamento para efectos da tramitación subseguinte que proceder.

**54. Admitida unha moción de censura a trámite, a Mesa dará conta da súa presentación:**

- a) Ao presidente da Xunta e aos grupos parlamentarios.
- b) Á Xunta, ao seu presidente e aos grupos parlamentarios.
- c) Ao presidente da Xunta e aos portavoces dos grupos parlamentarios.
- d) Á Xunta, ao seu presidente e aos portavoces dos grupos parlamentarios.

**55. Segundo o artigo 12 do Estatuto de autonomía de Galicia, cal das seguintes afirmacións é CORRECTA?**

- a) O Parlamento elixirá un presidente, a Mesa e unha Xunta de Portavoces.
- b) O Regulamento, que deberá ser aprobado por maioría reforzada, dispoñerá a composición, o réxime e o funcionamento dos órganos parlamentarios.
- c) O Regulamento precisará o número mínimo de deputados para a formación de grupos parlamentarios, a intervención destes no proceso lexislativo e as funcións da Xunta de Portavoces daqueles.

d) Os grupos parlamentarios participarán nas comisións permanentes no número de membros que fixe a Mesa.

**56. Segundo o artigo 5 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, as prazas ocupadas por persoal temporal por razóns de necesidade e urxencia haberá que incluílas na oferta de emprego público para ser obxecto de provisión, agás:**

a) As prazas ocupadas por interinos/as para substituír a funcionarios ou funcionarias con dereito á reserva de posto de traballo.

b) As prazas ocupadas para substituír a funcionarios ou funcionarias en situación de incapacidade temporal.

c) As prazas ocupadas en substitución de funcionarios ou funcionarias que se atopen en comisión de servizo.

d) As prazas ocupadas por funcionarios ou funcionarias adscritos temporalmente por cesamento en postos de libre designación.

**57. Cal dos seguintes NON é un dereito colectivo expreso do persoal funcionario do Parlamento, de acordo co artigo 77 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia?**

a) Á actividade sindical.

b) Ao teletraballo, sempre que sexa compatible co mantemento dos servizos esenciais do Parlamento de Galicia e da súa administración.

c) Á folga, co límite das garantías de mantemento dos servizos esenciais do Parlamento de Galicia e da súa administración.

d) Á libre sindicación.

**58. Con respecto ás diferentes clases de empregados públicos recollidas no Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, cal das seguintes afirmacións é CORRECTA?**

a) As funcións que impliquen a participación no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais da Administración parlamentaria corresponderanlle ao persoal funcionario.

b) O cesamento do persoal temporal producirase cando o posto que ocupase sexa provisto por persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo con carácter temporal, cando se amortice o posto ou cando desaparezan as razóns de necesidade ou urxencia que motivaron o seu nomeamento.

c) O persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia que sexa nomeado persoal eventual da Presidencia poderá pasar á situación administrativa de servizos especiais.

d) Ningunha é correcta.

**59. Segundo o artigo 10 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, como debe ser manifestada a renuncia á condición de persoal funcionario?**

- a) Motivadamente por escrito e aceptada expresamente pola Mesa do Parlamento de Galicia.
- b) Xustificadamente por escrito e aceptada previamente pola Mesa do Parlamento de Galicia.
- c) Preceptivamente por escrito e aceptada previamente pola Mesa do Parlamento de Galicia.
- d) Librementemente por escrito e aceptada expresamente pola Mesa do Parlamento de Galicia.

**60. Segundo o Regulamento do Parlamento de Galicia, en cal dos seguintes supostos a Mesa do Parlamento precisaría ditar acordo ou resolución motivada?**

- a) Para fixar as contías das subvencións dos grupos parlamentarios dentro dos límites da correspondente consignación orzamentaria.
- b) Para autorizar que a deputada ou deputado poida participar nas votacións a través dos sistemas de voto delegado ou voto telemático.
- c) Para privar unha deputada ou un deputado dalgún ou de todos os dereitos que lle conceden os artigos do 8 ao 11 do Regulamento.
- d) As opcións b) e c) son correctas.

**61. Segundo o artigo 85 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, quen acceda por calquera título a un novo posto do sector público que conforme este estatuto resulte incompatible co que viñera desempeñando:**

- a) Deberá optar por un deles dentro do prazo da toma de posesión. A falta de opción no prazo sinalado, entenderase que opta polo novo posto, pasando á situación de excedencia no que viñera desempeñando.
- b) Deberá optar por un deles nos dez primeiros días do prazo da toma de posesión. A falta de opción no prazo sinalado, entenderase que opta polo posto que viñera desempeñando, pasando á situación de excedencia no novo posto.
- c) Deberá optar por un deles dentro do prazo da toma de posesión. A falta de opción no prazo sinalado, entenderase que opta polo posto que viñera desempeñando, pasando á situación de excedencia no novo posto.
- d) Deberá optar por un deles nos dez primeiros días do prazo da toma de posesión. A falta de opción no prazo sinalado, entenderase que opta polo novo posto, pasando á situación de excedencia no que viñera desempeñando.

**62. Segundo establece o artigo 6 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a sesión de apertura da lexislatura terá lugar:**

- a) Unha vez transcorrido o prazo dos quince días seguintes á celebración da sesión constitutiva.
- b) Dentro do prazo dos quince días seguintes á celebración da sesión constitutiva.
- c) Dentro do prazo dos quince días seguintes á celebración das eleccións.
- d) Dentro do prazo dos vinte días seguintes á celebración da sesión constitutiva.

**63. Conforme establece o capítulo IX do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a persoa funcionaria de carreira que sexa designada asesora dos grupos parlamentarios das asembleas lexislativas das comunidades autónomas atoparase na situación administrativa de:**

- a) Servizo activo.
- b) Servizo noutras administración.
- c) Suspensión de función.
- d) Servizos especiais.

**64. De acordo co Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, a quen corresponde a competencia do deseño, xestión e desenvolvemento de programas educativos que incidan en valores sociais que conciencien a cidadanía (valor do diálogo, da convivencia, do respecto mutuo)?**

- a) Á Oficialía Maior.
- b) Ao Gabinete da Presidencia.
- c) Ao servizo que corresponda pola natureza do programa, de acordo co establecido pola Mesa do Parlamento.
- d) Ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

**65. Indique, segundo o Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, que actos poñen fin á vía administrativa:**

- a) Os actos administrativos da Mesa do Parlamento e da letrada ou do letrado oficial maior.
- b) Os actos administrativos da Mesa do Parlamento e da súa Presidencia.
- c) Os actos administrativos da Presidencia do Parlamento e da letrada ou letrado oficial maior.
- d) Os actos administrativos da Mesa do parlamento, da súa Presidencia e da letrada ou letrado oficial maior.

**66. Conforme establece o artigo 54 da Constitución española:**

- a) Unha lei orgánica regulará a institución do Defensor do Pobo, como alto comisionado do Goberno, designado polas Cortes Xerais para a defensa dos dereitos comprendidos no título I.
- b) Un real decreto lei regulará a institución do Defensor do Pobo, como alto comisionado das Cortes Xerais, designado por estas para a defensa dos dereitos comprendidos no título I.
- c) Unha lei orgánica regulará a institución do Defensor do Pobo, como alto comisionado das Cortes Xerais, designado por estas para a defensa dos dereitos comprendidos no título I.
- d) Unha lei regulará a institución do Defensor do Pobo, como alto comisionado das Cortes Xerais, designado polo Goberno para a defensa dos dereitos comprendidos no título I.

**67. Indique que deriva do carácter irreversible do acordo de recoñecemento dos graos da carreira profesional do persoal ao servizo da Administración do Parlamento de Galicia:**

- a) Que o seu recoñecemento sexa permanente e non suxeito a revisión.
- b) Que a súa remuneración sexa un emolumento consolidado.
- c) Que o seu recoñecemento e a súa percepción sexan trimestrais.
- d) Que a súa remuneración estea exenta de tributación.

**68. Conforme establece o artigo 136 do Regulamento do Parlamento de Galicia, para ser elixido presidente da Xunta, o candidato deberá obter os votos da maioría absoluta. Esta elección comportará:**

- a) O inicio da lexislatura.
- b) A apertura do prazo para a toma de posesión.
- c) A aprobación do programa de Goberno.
- d) A apertura do prazo para a presentación do programa de Goberno.

**69. A quen lle corresponde a representación ordinaria do Estado en Galicia?**

- a) Ao presidente do Parlamento de Galicia.
- b) Ao delegado do Goberno.
- c) Ao presidente da Xunta.
- d) Directamente, ao presidente do Goberno central.

**70. De acordo co artigo 53 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, cales destas normas con rango de lei NON poderán ser obxecto de delegación na Xunta, para seren ditadas co título de decreto lexislativo, por parte do Parlamento?**

- a) A regulación do réxime electoral da Comunidade Autónoma.
- b) A aprobación do orzamento.
- c) As leis institucionais ou de desenvolvemento básico do Estatuto.
- d) Ningunha das anteriores pode ser obxecto de delegación na Xunta.

**71. Segundo o artigo 129 do Regulamento do Parlamento de Galicia, que proxectos de lei gozan de preferencia na tramitación con respecto aos demais traballos da Cámara?**

- a) O Proxecto de lei de modificación do Estatuto de autonomía.
- b) O Proxecto de lei de orzamentos.
- c) O Proxecto de lei de convocatoria de eleccións.
- d) Os proxectos de lei para remitir ao Congreso dos Deputados.

**72. Segundo o artigo 37 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, cales das seguintes resolucións do Consello da Xunta adoptarán a forma de decreto?**

- a) As adoptadas para resolver os conflitos de atribucións que se susciten entre as diversas consellarías.
- b) As adoptadas para crear, modificar e suprimir as Comisións Delegadas da Xunta.
- c) As adoptadas para tomar coñecemento das resolucións do Parlamento e adoptar, de ser o caso, as medidas que proceden.
- d) Todas son correctas.

**73. Segundo o artigo 7 do Estatuto de autonomía de Galicia, o alcance e o contido do recoñecemento da galegitude ás comunidades galegas asentadas fóra de Galicia en ningún caso suporá:**

- a) A concesión de dereitos políticos.
- b) A concesión de dereitos sociais.
- c) A concesión de dereitos económicos.
- d) A concesión de dereitos civís.

**74. A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, establece que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:**

- a) Non poderá incluír a variable de sexo nas estatísticas, nas enquisas e nas recollas de datos que leve a cabo.
- b) Só poderá incluír a variable de sexo nas estatísticas, nas enquisas e nas recollas de datos que leve a cabo cando así o autorice expresamente unha lei do Parlamento de Galicia.

c) Incluirá sistematicamente a variable de sexo nas estatísticas, nas enquisas e nas recollas de datos que leve a cabo.

d) Poderá optar por incluír ou non a variable de sexo nas estatísticas, nas enquisas e nas recollas de datos que leve a cabo.

**75. Cal dos seguintes NON é un dereito individual do persoal funcionario, segundo o artigo 76 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia?**

a) A ser avaliado no exercicio das súas funcións mediante sistemas obxectivos.

b) A percibir o cen por cento das súas retribucións no caso de incapacidade laboral permanente.

c) Ao desempeño efectivo das funcións ou tarefas propias da súa condición profesional.

d) Todos os anteriores son dereitos individuais do persoal funcionario.

**76. De conformidade co artigo 12 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, en quen recaerá a proba do cumprimento do deber de responder á solicitude de exercicio dos seus dereitos formulada polo afectado?**

a) No encargado do tratamento.

b) No responsable do tratamento.

c) Na autoridade de protección de datos competente.

d) En ningún dos anteriores.

**77. Segundo o artigo 112 do Regulamento do Parlamento de Galicia, cal das seguintes afirmacións é CORRECTA?**

a) Os deputados e os grupos parlamentarios terán un prazo de quince días para presentaren emendas a un proxecto de lei mediante escrito dirixido á Mesa do Parlamento.

b) Serán emendas á totalidade as que versen sobre a pertinencia, os valores ou a natureza do proxecto de lei e postulen a devolución daquel á Xunta, ou as que propoñan un texto completo alternativo ao do proxecto. Só poderán ser presentadas polos grupos parlamentarios ou por un deputado coa sinatura doutros catro.

c) As emendas ao articulado poderán ser de supresión, modificación ou adición. Nos dous últimos supostos, a emenda deberá conter o texto parcial que se propoña.

d) Ningunha é correcta.

**78. Segundo o artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, cando os datos persoais non se obteñan do afectado, o responsable do tratamento poderá dar cumprimento ao**

**deber de información establecido no artigo 14 do Regulamento (UE) 2016/679 facilitando a aquel a información básica seguinte:**

- a) As categorías de datos obxecto do tratamento e as fontes das que procedan os datos.
- b) A identidade do responsable do tratamento e do seu representante, de ser o caso, e a finalidade do tratamento.
- c) A posibilidade de exercer os dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679.
- d) Todas as respostas son correctas.

**79. Segundo o Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de outubro de 2008, polo que se aproban as funcións xenéricas dos postos da relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración da Cámara, cal das seguintes NON é unha función propia dos ou das uxieres?**

- a) As tarefas de vixilancia e custodia no interior do Parlamento.
- b) A colaboración na xestión dos inventarios de bens e das subministracións do Parlamento de Galicia.
- c) O control do tránsito que se produza nos accesos e demais espazos interiores do pazo do Parlamento.
- d) A asistencia e soporte materiais aos actos oficiais e ás actividades da Cámara.

**80. De conformidade co artigo 96 do Regulamento do Parlamento de Galicia, quen poderá acordar a prórroga ou redución dos prazos establecidos neste Regulamento?**

- a) A Presidencia da Cámara.
- b) A Xunta de Portavoces.
- c) A Mesa da Cámara.
- d) A Mesa da Cámara de acordo coa Xunta de Portavoces.

**81R. Segundo recolle o artigo 72 do Regulamento do Parlamento de Galicia, atendendo razóns de urxencia, a inclusión na orde do día dun determinado asunto aínda que non cumprise os trámites regulamentarios poderá ser acordada:**

- a) Pola Mesa do Parlamento por maioría coa Xunta de Portavoces e o seu presidente, por iniciativa dun grupo parlamentario ou da Xunta de Galicia.
- b) Pola Mesa do Parlamento por unanimidade coa Xunta de Portavoces e o seu presidente, por iniciativa dun grupo parlamentario ou da Xunta de Galicia.

c) Pola Mesa do Parlamento por maioría e o seu presidente, por iniciativa dun grupo parlamentario ou da Xunta de Galicia.

d) Pola Mesa do Parlamento por maioría coa Xunta de Portavoces e o seu presidente, por iniciativa de dous grupos parlamentario ou da Xunta de Galicia.

**82R. Segundo o artigo 76 do Regulamento do Parlamento de Galicia, de canto tempo dispón un deputado ou deputada para o uso da palabra cando, a xuízo da Presidencia, no desenvolvemento dos debates se fixesen alusións que impliquen xuízos de valor ou inexactitudes sobre a súa persoa ou conduta?**

a) Tres minutos.

b) Cinco minutos.

c) O que considere a Presidencia, cun mínimo de tres minutos.

d) O tempo estipulado para o uso da palabra segundo a iniciativa en que se producisen as alusións.

**83R. Segundo o artigo 35 da Constitución española:**

a) Todos os españois teñen o dereito ao traballo, aínda que non o deber, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de sexo.

b) Todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de sexo.

c) Todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de sexo, salvo nos casos en que, por promoción da igualdade, se regule mediante lei orgánica.

d) Os españois aos que se recoñeza tal condición teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de sexo.

**84R. Segundo o Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 20 de outubro de 2008, polo que se aproban as funcións xenéricas dos postos da relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración da Cámara, cal das seguintes NON é unha función do xefe/a da Unidade de Asistencia Xeral?**

- a) A asistencia e apoio aos órganos parlamentarios e unidades administrativas.
- b) A asistencia e apoio aos deputados e aos grupos parlamentarios.
- c) A asistencia en relación con actos institucionais organizados polo Parlamento.
- d) Todas son correctas.

**85R. Segundo o artigo 5 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia:**

- a) As prazas ocupadas por persoal temporal por razóns de necesidade e urxencia deberán incluírse na oferta de emprego público inmediatamente posterior á permanencia de dous anos do persoal temporal no seu posto.
- b) As prazas ocupadas por persoal temporal por razóns de necesidade e urxencia deberán incluírse na oferta de emprego público inmediatamente posterior á permanencia de tres anos do persoal temporal no seu posto.
- c) As prazas ocupadas por persoal temporal por razóns de necesidade e urxencia deberán incluírse na oferta de emprego público inmediatamente posterior á permanencia dun ano do persoal temporal no seu posto.
- d) As prazas ocupadas por persoal temporal por razóns de necesidade e urxencia deberán incluírse en calquera das ofertas de emprego público posteriores á permanencia dun ano do persoal temporal no seu posto.